CENTRO DE LINGUAS
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

Centro de Linguas
Facultade de Filoloxía e Traducción
36310 Vigo

Tel.986 812 250
Fax.986 818 649

cdl.uvigo.es
centrodelinguas@fundacionuvigo.es

Curso Intensivo de Inglés B1 (29 maio ao 23 xuño) - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO INTENSIVO DE INGLÉS
Código	V17.NT.IN.B1-GRUPO 1
Nome	Curso Intensivo de Inglés B1 (29 maio ao 23 xuño)
Curso académico	2016-2017
Nivel	B1
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	80.00

Descrición

Curso intensivo de inglés dirixido ao público con nivel intermedio interesado en mellorar a súa competencia na lingua inglesa. O obxectivo final é defenderse con soltura na maioría das situacións comunicativas e expresarse nunha variedade amplia de temas (nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas). O curso consistirá en clases prácticas onde se integren a comprensión e expresión orais, a comprensión e expresión escritas, a gramática e o léxico nunha variedade de exercicios e tarefas que simularán situacións comunicativas dos ámbitos cotián e profesional. A práctica gramatical complementarase coas explicacións teóricas necesarias.

Habera un exame final o día 23 de xuño.

Os alumnos examinaranse das 4 destrezas: *listening, speaking, reading* y *writing,* así como de vocabulario e gramática.

Para obter o diploma no que se acredite o nivel B1 haberá que aprobar as catro destrezas con unha nota mínima de 12.5/25 cada unha e obter unha nota global de 60/100.

Entregarase un diploma de asistencia a aqueles que asistirán ó 85% das clases presenciais como mínimo, no que se indica o número de horas e créditos correspondentes. Además, quen desexe un certificado con nota, deberá realizar un exame ó finalizar o curso.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	06/04/2017 - 25/05/2017
Período de docencia	29/05/2017 - 23/06/2017

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	80
Validación LE	4

Destinatarios

Público en xeral (maiores de 16 anos) con nivel elemental de inglés.

Calendario

Luns a venres de 09.30 a 14.00 horas (descanso de 11.30 a 12.00 horas)**- Escola de Estudos Empresariais- Torrecedeira- AULA 22**

Proba de nivel (para os que non teñen certificado de A2 obtido nos últimos tres anos con nota de 7/10**):26 de maio ás 10.00 horas na Facultade de Filoloxía e Tradución (Aula Newton 13, pavillón C)**.

Programa

LIBRO: "English for Life Intermediate Student's Book + Multi-ROM" Oxford University Press.

ISBN 9780194307604

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	312.00 €
Público en xeral	380.00 €
Programa de intercambio Erasmus	200.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Transferencia bancaria
Tarxeta bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Campus de Vigo - Escola de Estudos Empresariais - Torrecedeira - 22

Cómo matricularse

Entra en http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander:**

Número de conta: 0049 614198 2510007984
Código Swift: BSCHESMMXXX
IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander:**

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condicións de acceso

Para determinar o nivel de coñecementos de inglés as/os alumnas/os terán que someterse a unha **proba de nivel tipo test**, que terá lugar **o día 26 de maio ás 10.00 horas na Facultade de Filoloxía e Tradución (Aula Newton 13, pavillón C)**.

Nota: Para un maior aproveitamento do curso, e dada a elevada esixencia do mesmo para acadar o nivel B1 ao remate, recoméndase que se certifique o nivel anterior (isto é, A2) cunha cualificación mínima de 7/10 ou que o resultado da proba de nivel sexa o correspondente a un A2+.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.

2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.

3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificados, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.

4.Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:

- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.